



Data:	23 de xuño de 2017
Destinatario:	MESA DE CONTRATACIÓN

Expediente: 4384/106

ASUNTO: VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”). INFORME PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DOS ELEMENTOS PARA A ILUMINACIÓN DO NADAL

INFORME DE VALORACIÓN

A mesa de contratación de data 02.06.2017 realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación dos servizos de referencia do expediente 4384/106, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente.

De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as dúas empresas que presentaron oferta, correspondéndose coa mercantil CREACIONES LUMINOSAS, S.L. e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.

A valoración das oferta srealizarase de acordo co recollido nos apartados 7.A e 8.A., das FEC, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” polo cal o presente informe deberá atender aos seguintes criterios:

A) **CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:** valoraranse con ata **30 puntos**

1.- **Proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas, prazas e espazos comerciais da cidade durante as festas do Nadal:** valorarase con ata 30 puntos.

Para valorar este criterio se terán en conta os seguintes apartados:

a) Deseño decorativo de elementos: valorarase con ata **15 puntos**.

O licitador deberá presentar unha ficha técnica dos elementos propostos, que deberán respectar os condicionantes técnicos dos anexos I, II e III do PPTP. Incluirá unha descrición técnica do elemento, unha imaxe representativa do mesmo, e a proposta de ubicación.

Valorarase a creatividade, a calidade dos elementos e a coherencia do conxunto.

Axuntarase documentación que acredite que se dispón dos motivos ofertados.

b) Procesos operativos da instalación: valorarase con ata **10 puntos**.

O licitador deberá presentar unha memoria descritiva e gráfica das operacións necesarias para a instalación dos elementos propostos nos emplacements definidos nos Anexo I do



PPTP. Identificará os condicionantes para o desenvolvemento da instalación e os medios adscritos ao proceso. Axuntará un cronograma dos traballos de instalación, coherente, completo e pormenorizado.

c) Procesos de mantemento: valorarase con ata **5 puntos**.

O licitador deberá presentar unha memoria descritiva e gráfica do plan de mantemento que propoña, o cal deberá desenvolver as actuacións de mantemento preventivo e correctivo, con definición de fichas de traballo, periodicidades e criterios de seguimento e avaliación.

Atendendo ao anteriormente indicado, a continuación procédese a avaliación dos criterios de xuízo de valor para cada unha das ofertas admitidas:

A) DESEÑO DECORATIVO DE ELEMENTOS (15 puntos)

- Iluminaciones Ximénez, S A

Analizada a documentación presentada por esta empresa obsérvase unha gran coherencia nos elementos, arcos e motivos presentados para as distintas zonas da cidade. Así mesmo, cabe resaltar a súa creatividade e innovación con respecto a anos anteriores, principalmente nas zonas de maior afluencia comercial como: Praza de América, Porta do Sol, García Barbón, rúa Urzáiz, rúa Policarpo Sanz, rúa Venezuela, rúa Camelias...

No relativo ao apartado de VARIOS resaltar a orixinalidade dos novos elementos achegados na súa proposta, tales como os situados na Praza da Pedra e na zona da rúa Policarpo Sanz, rúa Urzáiz e Avda. García Barbón.

No tocante a calidade dos elementos, indicar que cumpren todos os requisitos e a normativa esixida no prego técnico, sendo os soportes ofertados de aluminio, o que facilita a súa montaxe (máis lixeiros) e a súa durabilidade, evitando óxidos...

A empresa presenta declaración de responsabilidade na que indica que dispón de todos os arcos, motivos, medios humanos e materiais descritos na súa oferta, segundo se recolle no Prego Técnico, cláusula 2.1.

- Creaciones Luminosas, S L

Analizada a documentación presentada por esta empresa obsérvase coherencia normal nos elementos, arcos e motivos presentados para as distintas zonas da cidade. Así mesmo, obsérvase escasa creatividade con pouca innovación con respecto aos elementos instalados en anos anteriores.

No tocante a calidade dos elementos, indicar que cumpren todos os requisitos e a normativa esixida no prego técnico, sendo os soportes ofertados de aceiro galvanizado.

A empresa presenta declaración de responsabilidade na que indica que dispón dos motivos ofertados.

En base ao descrito con anterioridade e tendo en conta que se outorga a máxima



puntuación á oferta que recolla con maior grado de detalle e coñecemento dos aspectos descritos anteriormente, as puntuacións que corresponden a cada proposta son as seguintes:

- Iluminaciones Ximénez, S A: 15 puntos.
- Creaciones Luminosas, S L: 5 puntos.

B) PROCESOS OPERATIVOS DE INSTALACIÓN (10 puntos)

Desglosado en:

1. MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA DAS OPERACIÓNS

- Iluminaciones Ximénez, S A

Fan unha memoria descritiva e moi detallada do sistema de instalación dos elementos de iluminación do Nadal:

- Sistema de ancoraxe.
- Medios de elevación e transporte a utilizar.
- Horario e datas da instalación.
- Orden das operacións a realizar.
- Método de instalación.
- Descrición gráfica da instalación, unicamente dos soportes dos motivos, non facendo mención ao resto dos elementos.

- Creaciones Luminosas, S L

Non fan referencia aos sistemas de instalación dos elementos de iluminación do Nadal.

2. CONDICIONANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DA INSTALACIÓN

- Iluminaciones Ximénez, S A

Non fan referencia a ningún condicionante exclusivamente particular para a instalación de elementos de Nadal na cidade de Vigo.

- Creaciones Luminosas, S L

Fan referencia ao sistema de transporte en gabarras e camións de gran tonelaxe ata a contorna do Seminario e desde alí o trasvase a furgonetas e vehículos lixeiros que abastecerán aos equipos de traballo.

Sen embargo, non fan alusión á problemática da montaxe da árbore na Porta do Sol nin ao resto das instalacións que poidan ter algún condicionante.



3. MEDIOS ADSCRITOS AO PROCESO DE MONTAXE

- Iluminaciones Ximénez, S A

- Persoal asignado á obra:

Persoal	Cantidade
Enxeñeiro Industrial	1
Enxeñeiro Técnico	1
Encargado de Obra	1
Xefe de equipo (oficial de 1ª)	6
Oficial de 2ª electricista	6
Oficial de 3ª electricista	2
Peón/especialista/almaceneros	5
Chofer/gruista	2
Conductor de camión	3
Oficial mecánico-soldador	3
TOTAL	30

- Vehículos e maquinaria asignados á obra:

Vehículo	Unidades
Todoterreno	1
Turismo	1
Furgoneta con cesta elevadora de persoas de 12 e 14 m	6
Furgonetas lixeiras de transporte	3
Camión Tractor con guindastre de 22 m	2
Camión con caixa auto-soportada (almacentamento/transporte)	3
Guindastre de 60 TM e 35 m de alcance	1
TOTAL	17

- Creaciones Luminosas, S L

- Persoal asignado á obra:

Persoal	Montaxe
Oficial electricistas	10
Peón especialista	1
Chófer	1
TOTAL	12

- Vehículos e maquinaria asignados á obra:



Vehículo	Unidades
Camión-Cesta	5
Furgón Lixeiro	1
TOTAL	6

4. **CRONOGRAMA DOS TRABALLOS DA INSTALACIÓN**

- Iluminaciones Ximénez, S A

Presenta un cronograma detallado das operacións a realizar para a instalación dos elementos do Nadal, desde a redacción do Plan de Seguridade e Saúde Laboral ata a desconexión e desmontaxe das instalacións.

- Creaciones Luminosas, S L

Presentan un cronograma das instalacións relativo ás rúas sen facer referencia ás operacións a realizar.

En base ao descrito con anterioridade e tendo en conta que se outorga a máxima puntuación á oferta que recolla con maior grado de detalle e coñecemento dos aspectos descritos anteriormente, as puntuacións que corresponden a cada proposta son as seguintes:

- Iluminaciones Ximénez, S A: 6,5 puntos.
- Creaciones Luminosas, S L: 2,6 puntos.

C) PROCESOS DE MANTEMENTO (5 PUNTOS)

Desglosado en:

1. MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA DO PLAN DE MANTEMENTO

- Iluminaciones Ximénez, S A

Presentan só unha memoria descritiva sobre:

- Equipo de inspección periódica (rondas diarias).
- E quipos de reparacións.
- Persoal adicado ás operacións de mantemento.
- Vehículos adicados ás operacións de mantemento.
- Equipo de emerxencias.
- Tempo de intervención.



-Operacións a realizar

- Creaciones Luminosas, S L

Presentan unha memoria descritiva e gráfica moi completa do Plan de mantemento a realizar sobre todos os elementos do Nadal:

- Equipo de inspección periódica (rondas diarias).
- E quipos de reparacións.
- Persoal adicado ás operacións de mantemento.
- Vehículos adicados ás operacións de mantemento.
- Equipo de emerxencias.
- Tempo de intervención.
- Operacións a realizar.

2. MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO. FICHAS DE TRABAJO. PERIODICIDADES. CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Iluminaciones Ximénez, S A

Detallan perfectamente as operacións de mantemento preventivo e correctivo coas periodicidades destas. Non fan referencia aos criterios de seguimento e avaliación. Non fai referencias ás fichas de traballo.

- Creaciones Luminosas, S L

Fan unha descrición moi detallada das operacións de mantemento preventivo e correctivo, indicando todo tipo de inspeccións, revisións e operacións a levar a cabo para manter as instalacións en perfecto estado.

Describen adecuadamente os criterios de seguimento e avaliación.

Achegan as fichas de traballo.

En base ao descrito con anterioridade e tendo en conta que se outorga a máxima puntuación á oferta que recolla con maior grado de detalle e coñecemento dos aspectos descritos anteriormente, as puntuacións que corresponden a cada proposta son as seguintes:

- Iluminaciones Ximénez, S A: 2 puntos.
- Creaciones Luminosas, S L: 5 puntos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/06/2017 13:53

Páxina 6 de 7

Expediente 4384/106

Código de verificación: 25E24-23883-BB2D2-AB528

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

RESUMO VALORACIÓN CRITERIOS DE XUÍZOS DE VALOR

CRITERIO A VALORAR	ILUMINACIÓN XIMÉNEZ, S A	CREACIONES LUMINOSAS, S L
Deseño decorativo de elementos (máximo 15 puntos)	15	5
Procesos operativos da instalación (máximo 10 puntos)	6,5	2,6
Procesos de mantemento (máximo 5 puntos)	2	5
TOTAL	23,5	12,6

AC/cci

Vigo, 23 de xuño de 2017
O xefe da Área de Servizos Xerais
Álvaro Crespo Casal

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2017 13:53	Páxina 7 de 7
	Expediente 4384/106	Código de verificación: 25E24-23883-BB2D2-AB528	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		